

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2022/2023

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE03	Automatización e robótica industrial	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0970	Formación e orientación laboral	2022/2023	4	107	128
MP0970_12	Prevenición de riscos laborais	2022/2023	4	45	54
MP0970_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2022/2023	4	62	74

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EVA PIÑA RODRÍGUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O currículo que se establece nos decretos que desenvolven os títulos están expresados en resultados de aprendizaxe, aprendizaxes que o alumnado deberá adquirir para desenvolver con éxito a súa profesión no contorno laboral. Asociados aos resultados de aprendizaxes establécense os criterios de avaliación e os contidos que proporcionarán a información e destrezas para lograr as competencias definidas no perfil do título.

Neste sentido, a inclusión do módulo de Formación e Orientación Laboral en todos os títulos da Formación Profesional ten como xustificación que se considera un módulo clave para garantir que o alumnado adquira unha competencias esenciais para unha adecuada inserción laboral, tanto a través do coñecemento da lexislación laboral como do traballo en equipo e das condicións de seguridade e saúde.

Ademais cómpre engadir que a Lei Orgánica de Educación modifica o módulo de FOL a fin de incorporar os contidos do curso básico de prevención de riscos laborais establecido no Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizo de Prevención. Con esta novidade, dende o sistema educativo garántese que o alumnado adquira unhas competencias en materia de prevención que posibilitarán unha prevención eficaz e integrada no contorno laboral.

O módulo de FOL, sendo un módulo presente en todos os ciclos formativos, debe adecuar os seus contidos a realidade do ámbito produtivo de cada familia profesional e ciclo formativo, de modo que na impartición do módulo se parta do sector produtivo propio de cada familia profesional ademais da propia realidade do alumnado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O traballo, a saúde e os riscos	Relacionar a saúde co traballo e viceversa e coñecer os conceptos básicos de prevención así como os dereitos e deberes dos traballadores	15	8
2	Que riscos hai no traballo? Como protexemos fronte aos riscos?	Aproximarse aos riscos e medidas de prevención e protección asociados á familia profesional de electricidade	15	8
3	Como xestionar a prevención na empresa?	Organizar a prevención na empresa e coñecer o que é unha emerxencia e como actuar ante unha situación de primeiros auxilios	16	8
4	Os primeiros auxilios		8	6
5	Que é a relación laboral?	Descrición das particularidades da relación laboral incluídas as modalidades de contratación	10	9
6	O contrato de traballo	Coñecemento das diferentes modalidades de contratación tanto indefinidas como temporais	8	9
7	O tempo de traballo e a súa retribución	Xornada, salarios, permisos, licenzas, vacacións...	10	9
8	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	Aproximación aos distintos cambios que poden producirse ao longo dunha relación laboral	10	9
9	A representación dos traballadores	Dereitos e deberes. Representantes. Negociación, conflito e solución.	8	8
10	Que é a Seguridade Social? De que nos protexe?	Prestacións contributivas, asistencias. Importancia social da Seguridade Social	10	9
11	Traballamos en equipo e solucionamos conflitos	Coñecer o traballo en equipo e como solucionar conflitos	8	8
12	A procura de emprego	Técnicas e ferramentas de procura de emprego	10	9

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O traballo, a saúde e os riscos	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de electricidade e electrónica.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.

4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Que riscos hai no traballo? Como protexernos fronte aos riscos?	15

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA2 - Avalia as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de electricidade e electrónica.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de electricidade e electrónica.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

4.2.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Riscos específicos no sector de electricidade e electrónica en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de electricidade e electrónica.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Como xestionar a prevención na empresa?	16

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	NO
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.

4.3.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Contidos

Planificación da prevención na empresa.

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Os primeiros auxilios	8

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identificáronse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

4.4.e) Contidos

Contidos
Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.
Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.
Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Que é a relación laboral?	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en automatización e robótica industrial.

4.5.e) Contidos

Contidos
Dereito do traballo.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O contrato de traballo	8

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analizáronse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.

4.6.e) Contidos

Contidos
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	O tempo de traballo e a súa retribución	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

4.7.e) Contidos

Contidos
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	10

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.9 Identificáronse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.
CA2.12 Identificáronse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

4.8.e) Contidos

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	A representación dos traballadores	8

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.10 Identificáronse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analizáronse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.

4.9.e) Contidos

Contidos
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Que é a Seguridade Social? De que nos protexe?	10

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as continxencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	SI

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

4.10.e) Contidos

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

4.11.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
11	Traballamos en equipo e solucionamos conflitos	8

4.11.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

4.11.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico superior en automatización e robótica industrial, e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

4.11.e) Contidos

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de electricidade e electrónica segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

4.12.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
12	A procura de emprego	10

4.12.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

4.12.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identificáronse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

4.12.e) Contidos

Contidos
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico superior en automatización e robótica industrial.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico superior en automatización e robótica industrial.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O mínimo exigible supón a avaliación positiva dos criterios de avaliación enumerados na programación.

Para a superación do módulo será necesario ter as tres avaliacións superadas. A nota final será a media das notas obtidas nas tres avaliacións, atendendo ás ponderacións establecidas anteriormente.

A avaliación consiste en ir recollendo día a día información sobre o proceso de ensino-aprendizaxe, por tanto, a avaliación ha de ser continua. Para avaliar a profesora vai utilizar diferentes instrumentos:

PROBAS ESCRITAS onde o alumno/a reflectirá os contidos de tipo conceptual adquiridos. As probas terán unha duración máxima de 2 sesións e van orientadas a que o alumnado razoe sobre os contidos adquiridos. Os aspectos máis relevantes a ter en conta con respecto ás probas escritas son:

- o A proba escrita terá un carácter teórico práctico de modo que o alumnado a partir de supostos terá que demostrar a adquisición dos contidos. En cada avaliación realizarase unha única proba na deberá obter un 4.5 para poder ponderar co resto dos instrumentos de avaliación. Suporá un 80% da nota da avaliación.
- o Se un/ha alumno/a non pode asistir a un exame porque a data fixada para o mesmo coincide cun deber inescusable de carácter público e persoal, terá que xustificar debidamente a súa ausencia con algún documento oficial (parte do médico, asistencia a outro exame de carácter oficial...) non sendo válidos os xustificantes asinados polos pais/nais en caso de menores de idade. Se está debidamente xustificado a profesora fixará outra data para a realización do mesmo.
- o Durante a realización das probas non se poderán empregar móbiles, tablets, reloxos intelixentes ou outros dispositivos análogos, debendo estes permanecer apagados ou en modo silencio. Devanditos dispositivos deberán permanecer nun lugar visible pola profesora durante a realización da proba.

Cualificación dos TRABALLOS realizados polo alumnado tanto na aula como en casa. Todas as tarefas propostas (cuestións teóricas, casos prácticos, problemas, lectura de artigos...) estarán recollidas na aula virtual e serán entregadas a través da propia aula virtual cando así se requira. Teranse en conta os seguintes aspectos:

- o Cumprimento do prazo de entrega. Os traballos entregados fóra de prazo, salvo motivo xustificado, non serán avaliados.
- o Presentación do documento: deseño de páxina (encabezado, pé de páxina, marxes, marca de auga, sangría, espaciado...), formato de letra, xustificación do texto, imaxes, utilización de recursos gráficos, emprego de listas numeradas ou con viñetas, inserir hipervínculos, táboas. Dependendo o traballo inserirase portada, índice e bibliografía se procede. Serán entregados en formato pdf. Na aula virtual publicarase un documento coas instrucións para a presentación dos documentos que servirá de guía ao alumnado.
- o Organización coherente do contido dos traballos segundo os criterios indicados en cada actividade.
- o Exactitude, claridade e precisión nos contidos do traballo. Acheга de exemplos e/ou casos reais cando así se requira. O alumnado ha de ser capaz de relacionar as respostas cos contidos explicados na aula.
- o Manexo do vocabulario propio da materia.
- o Aplicación e interpretación da normativa relacionada cos contidos do módulo.
- o As preguntas de verdadeiro/falso non serán cualificadas senón achégase a xustificación correspondente.
- o Nos problemas non só se terá en conta o resultado senón tamén a coherencia da formulación.
- o Emprego de ferramentas dixitais para a elaboración das tarefas propostas (Powtoon, Genially, Canva, Prezi, Wix...
- o Os traballos en equipo son para realizar no horario asignado ao módulo preferentemente e empregando ferramentas de comunicación virtual. En caso de falta de asistencia e/ou colaboración dalgún membro do equipo, a profesora poderá esixirlle a dita persoa que presente o

traballo individualmente.

- o A cualificación dos traballos suporá o 20% da nota final.

A nota final do módulo obterase mediante a media aritmética das cualificación acadadas en cada unha das avaliación seguindo os criterios establecidos e explicados neste apartado da programación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Procedemento para definir as actividades de recuperación

A superación da avaliación posterior non comprende as anteriores.

A profesora poderá deseñar actividades de reforzo/recuperación a realizar polo alumnado que suspenda algunha avaliación ou todo o módulo.

No mes de xuño haberá un exame de recuperación da avaliación ou avaliacións suspendas. O alumnado con máis dunha avaliación suspenda terá que recuperar a totalidade do módulo.

A cualificación final terá en conta os criterios de avaliación anteriores durante o curso.

Procedemento para definir a proba de avaliación do alumnado de segundo curso co módulo pendente:

En caso de que un/ha alumno/a pase a 2º curso do ciclo co módulo de Formación e Orientación Laboral teranse en conta os seguintes aspectos:

- o A profesora responsable do módulo en cuestión poñerá en contacto co/a alumno/a para establecer un plan de recuperación do módulo.
- o Poderase utilizar a establecida no horario da profesora para resolver dúbidas e revisar actividades.
- o Terase en conta o informe de avaliación para determinar as partes que ten que recuperar o alumno/a
- o Entregarase ao alumno/a actividades de reforzo/recuperación que lle axuden a preparar os contidos do módulo. Todas as actividades propostas serán entregadas, revisadas e cualificadas.
- o Acordarase co alumno/a as datas para realizar un mínimo de 2 probas escritas. En caso de non superar o módulo no mes de marzo, o alumnado terá dereito a unha única proba no mes de xuño coincidindo co exame final do módulo.
- o Para a avaliación do módulo terase en conta a cualificación das probas escritas e dos traballos de reforzo/recuperación realizados segundo o explicado no apartado 5 (criterios de cualificación). A proba escrita pesará un 80% da nota, e as actividades, outro 20% da nota final.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

En caso de PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA (acadar o 10% de faltas sen xustificar) o/a alumno/a seguirá tendo dereito a asistir as clases e incluso presentar as actividades que se requiran pese a que non serán tidas en conta de cara a avaliación ata final de curso.

O/a alumno/a terá que presentarse a un EXAME FINAL DE PERDA DE AVALIACIÓN CONTINUA de todos os contidos impartidos ao longo do curso.

En caso de que a situación sanitaria non permita a realización dunha proba pre-sencial o exame poderase realizar de xeito oral a través da plataforma CISCO WEBEX ou de xeito telemático. A través da aula virtual publicaranse as instrucións para a realización da proba.

Para a avaliación do alumno/a con perda de avaliación continua o exame suporá un 80% da nota e deberá obter un 4.5 para poder ponderar co resto dos instrumentos de avaliación e un 20% da nota as actividades realizadas durante o curso.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Programación, como guía que se vai seguir no proceso de ensino aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente.

Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo e nos contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpra mellor a súa función.

Neste sentido cómpre que o profesorado estableza un procedemento de seguimento da Programación que ten que basearse na revisión semanal de si os contidos e as tarefas propostas se están cumprindo segundo a previsión establecida.

No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso.

Estas modificacións non deben ter a súa orixe só nos criterios do docente senón que este deberá considerar outros elementos á marxe da propia experimentación, facilitando a participación ao alumnado para que exprese o seu grado de satisfacción co sistema seguido para acadar os obxectivos establecidos.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados

Algúns instrumentos para avaliar a práctica docente son:

Informes dos traballos en equipo.

Notas recollidas na realización de tarefas, tanto individuais como grupais.

Entrevistas con alumnado e profesorado.

Debates.

Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio do curso, recabarase a información do alumnado que teña un carácter significativo no proceso de ensino-aprendizaxe. Esta información será relativa a datos académicos, profesionais e, no seu caso, persoais que poidan ter unha incidencia no desenvolvemento da programación. Esta información obterase directamente do alumnado e tamén, do profesor tutor, do resto do profesorado e, se cabe, do departamento de orientación, de modo que se realice unha avaliación inicial coordinada co resto do equipo docente.

Independentemente da avaliación inicial, no desenvolvemento de cada unidade didáctica, realizarase un cuestionario ou enquisa inicial de cara a coñecer os coñecementos previos do alumnado e poder así adaptar as actividades de ensino-aprendizaxe.

En cada Unidade Didáctica realizarase unha avaliación inicial que indique o nivel de coñecementos do alumnado ao respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Cómpre que calquera alumno/a poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten de forma significativa á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie de circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobredotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas

Cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.

Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si

Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos preceptivos do currículo.

Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.

Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

A experiencia dos últimos anos non vén indicando a necesidade de medidas especiais de atención á diversidade, máis alá dalgunha diferenza idiomática, en relación coa fala propia, isto é o galego, por parte de alumnos que procedían de países estranxeiros, de fala castelá, cuestión sempre resolta favorecendo ao máximo a comunicación na lingua mellor entendida polo alumno, sen perxuízo do idioma galego en que se acordou impartir esta materia, de acordo coas porcentaxes establecidas entre os diferentes módulos do ciclo.

Tales diferenzas foron sempre resoltas acomodando puntualmente o vehículo de comunicación ás dificultades do alumno ou alumna e procurando

espertar nel o interese e a apreciación do idioma galego.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Paz, Violencia de Xénero, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

Educación en Igualdade, presente en ambas unidades formativas e que se incorporará tanto na utilización dunha linguaxe inclusiva, non sexista senón como tema transversal nas diferentes unidades didácticas, sobre todo, no referido a salario, contratación, modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo e en na materia de inserción e orientación laboral.

Educación ambiental, relacionada ca unidade formativa de saúde laboral (factores de risco físicos, químicos, biolóxicos) xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

Educación na Prevención de Accidentes, vinculado co tema de sinalización e prevención de accidentes de traballo. Aproveitaremos este contido curricular para poñer énfase na importancia de previr accidentes de todo tipo, xa non laborais senón tamén domésticos e de tráfico.

Educación para a Saúde, presente en toda a unidade formativa de saúde laboral, especialmente nos temas de prevención de riscos e tamén no de primeiros auxilios. De novo, extrapolaremos este contido á vida non laboral: importancia dunha dieta san e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

Fomentarase unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso, transmitindo a importancia de respectar ao outro/a con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc, así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para o presente curso preténdese realizar, como vén sendo habitual en cursos pasados, algunhas actividades que acheguen o alumnado ao mundo da empresa.

Neste sentido, poderán ser organizadas polo Departamento de FOL e a Dirección do Centro, actividades complementarias tales como:

Charla en colaboración con sindicatos e asociacións patronais.
Charlas en colaboración co Gabinete de Seguridade de Rande.
Obradoiro de primeiros auxilios.
Participación activa do alumnado de FOL no simulacro de evacuación do instituto.
Visión de películas como ferramenta de aprendizaxe e axeitada tralas as sesións de avaliación de cada trimestre.
Actividades extraescolares organizadas polo centro. Deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar e que se realizan fóra de horario lectivo e de forma voluntaria, polos profesores do Departamento en colaboración coa Dirección e outros Departamentos.
Feiras de Emprego e Orientación Laboral, que se organicen na comunidade galega ou fóra dela, sempre e cando contemos con orzamento para organizar os desprazamentos.

10. Outros apartados

10.1) Secuenciación da Programación

Na primeira aula de comezo do curso os alumnos e alumnas serán informados da presente Programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e dos textos a utilizar para o estudo e preparación. A profesora elaborará materiais propios e utilizará como plataforma de comunicación co alumnado, a aula virtual moodle. A Programación será subida á Aula Virtual.
Serán informados tamén das datas aproximadas dos exames, que deberán ser confirmadas na aula nas proximidades dos días sinalados. Informarase igualmente do número de faltas de asistencia que dará lugar á perda da avaliación continua. Con carácter xeral, neste módulo, establécese o número de 14 (debido a que, co calendario na man, en lugar das 107 sesións programadas, danse 138).

10.2) Adaptación das actividades de ensino-aprendizaxe ao protocolo COVID

Dada a situación actual se propoñen 3 escenarios para a impartición deste módulo e a aplicación da metodoloxía explicada.

- CLASES PRESENCIAIS. Neste caso a profesora introducirá cada unidade didáctica. Na aula resolveranse as dúbidas que vaian xurdindo e comentarase artigos e vídeos relacionados cos contidos de cada unidade. As actividades desenvolveranse na aula mantendo en todo momento a distancia establecida. No caso de traballar en equipo utilizaranse ferramentas dixitais. Algunhas actividades realizaranse na casa e serán corrixidas na aula ou subidas a Aula Virtual para ser corrixidas.

- CLASES SEMIPRESENCIAIS. Seguindo as Instrucións para el desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional para o presente curso e a Orde de 16 de setembro pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso 2020/21 propónse a posibilidade de organizar clases semipresenciais de xeito rotatorio. Para a organización das clases teremos en conta os seguintes aspectos:

o Tras unha reunión do equipo docente do curso no que se imparte este módulo dividirase a clase en 2 grupos co mesmo número de alumnado. Mentres un grupo está na aula unha semana o outro grupo estará seguindo as clases desde a súa casa (a distancia). Á semana seguinte rotarían os grupos. Deberase ter en conta a dispoñibilidade por parte do alumnado de medios tecnolóxicos e conexión a internet nas súas casas. Será posible tamén que o agrupamento teña en conta a validación do módulo de FOL, de modo que nun grupo estean todas as persoas validadas e noutro, as non validadas.

o As primeiras clases adicaranse a presentar a programación do módulo. Ademais, o alumnado hase de rexistrar e matricular nos diferentes

cursos da aula virtual e explicárase o seu funcionamento.

o A partir da presentación do módulo:

No ciclo superior de Automatización e Robótica Industrial farase un día a distancia a través de Cisco Webex e outro día, presencial con todo o alumnado.

- CLASES A DISTANCIA. Esta metodoloxía aplicarase no caso de confinamento do grupo o suspensión de las clases debido ao COVID. Para o desenvolvemento das clases teremos en conta os seguintes aspectos:

No caso de impartir clases non presenciais utilizarase a plataforma de videoconferencias CISCO WEBEX (<https://eduxunta.webex.com/meet/evapinha>) O alumnado poderá conectarse a esta plataforma utilizando PC, Tablet ou móbil seguindo as indicacións proporcionadas pola profesora. Para o correcto desenvolvemento das clases virtuais teranse en conta os seguintes aspectos:

- A profesora planificará as videoconferencias no horario do módulo e enviará invitacións de xeito individual ao alumnado por correo electrónico. Ditas invitacións non poderán ser compartidas polo alumnado con terceiras persoas. O alumnado que non reciba a invitación debe comunicarllo á profesora por correo electrónico para solucionar a incidencia.

- A través das videoconferencias introduciranse os novos contidos de cada unidade didáctica que tamén poderán ser introducidos a través de vídeos que serán colgados na aula virtual, resolveranse dúbidas, comentarase os vídeos facendo fincapé nos aspectos máis importantes da unidade, artigos, noticias de interese e planificaranse as actividades a realizar polo alumnado.

- É fundamental que o alumnado visualice os vídeos explicativos e descargue os apuntamentos xunto coa presentación de cada unidade antes das videoconferencias para poder participar de forma activa.

- O resto de horas asignadas ao módulo adicaranse á realización das actividades planificadas. As dúbidas que vaian xurdindo proporanse a través de mensaxes/foro da aula virtual ou correo electrónico. A profesora intentará contestar ás dúbidas durante el horario de clases.

- O alumnado debe identificarse na plataforma a través do seu nome e apelidos. No caso de que se conecte á reunión algunha persoa non matriculada no módulo será expulsada da reunión.

- O alumnado está obrigado a conectarse cunha anticipación mínima de 5 minutos respecto á hora de inicio de las clases. A non conexión considérase falta de asistencia agás motivo xustificado.

- Durante a clase virtual o alumnado manterá en todo momento activa a cámara e desactivará o micrófono agás cando precise intervir. A actitude do alumnado ha de ser correcta, participando de forma activa e amosando interese polo módulo. Durante a videoconferencia non se pode comer. Se na clase hai alumnado en confinamento debido ao COVID, ante a imposibilidade de acudir ás clases presenciais, manterase o contacto co alumnado afectado tendo en conta os seguintes criterios:

- Organizar unha videoconferencia semanalmente para planificar as clases durante o período de confinamento, introdución dos novos contidos, resolución de dúbidas, explicar tarefas e traballos. Enviarase unha invitación a través do correo electrónico ao alumnado afectado. A videoconferencia será fora do horario del módulo.

- Seguimento de las clases a través del aula virtual. O alumnado poderá contactar coa profesora mediante correo electrónico, participar nos foros de debate de cada unidade e mensaxes na aula virtual respectando o horario asignado ao módulo

O alumnado afectado terá que entregar os traballos nos prazos establecidos agás motivo debidamente xustificado.

No caso dunha situación de clases a distancia, os exames poderán realizarse por vía oral a través da plataforma Cisco Webex, cos criterios de calificación referidos nos apartados anteriores.